O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.

En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.

Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobación definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

## CUARTO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do

expediente e ao Departamento de Servizos Sociais, para o seu coñecemento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, en sesión ordinaria do día 22/10/2020.

### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

#### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a modificación do apartado IV) da base de execución 26ª do Orzamento prorrogado, quedando como segue:

(...)

#### IV) Subvencións nominativas.-

Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.

Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.

Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRICIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
231	48900	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	Plan de loita contra a pobreza e exclusión social. Gastos correntes adicados a familias do Concello de Rianxo	1	3.000,00
231	48900	A Creba	G15476310	Actividade xeral. A subvención calcularase en función das persoas do Concello de Rianxo atendidas	1	1.500,00
231	48900	Solidariedade Galega co Pobo Saharai	G15924558	Vacacións en Paz	1	1.560,00
231	48990	Asociación Barbancesa Axuda e Solidaridade (ABAS)	G70443247	Atención dos voluntarios nas xestións dos veciños de Rianxo no estado de alarma, con dificultade ou imposibilidade para realizar xestións no exterior	1	2.500,00
323	48990	Colexio Rural Agrupado	Q1500341A	Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares)	1	2.000,00
334	48990	Escola de música de Rianxo	G1584778	Programa anual de actividades	1	3.000,00



PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
334	48990	Asociación sociocultural Fogo Fatuo	G70117338	Premio do certame de música tradicional	1	1.000,00
334	48990	Fundación Castelao	G15099252	Actividade xeral	1	1.000,00
338	48990	Asociación sociocultural desenvolvemento de Rianxo A Moreniña	G15814361	Festas da Guadalupe (prepagable: antes da presentación da conta xustificativa)	1	3.000,00
341	48990	Clube de Remo de Rianxo	G15087208	Actividade xeral	1	6.600,00
341	48990	S.D. Araño	G15260425	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Clube Voleibol Rianxo	G15891682	Actividade xeral	1	2.250,00
341	48990	CCD Taragoña	G15458417	Actividade xeral	1	2.500,00
341	48990	CD Unión	G15391865	Actividade xeral Gastos correntes da participación na liga galega feminina (importes pendentes de distribución)	1	7.100,00
341	48990	Clube Piragüismo	G15692270	Actividade xeral	1	4.750,00
341	48990	PC Castro Barbudo	G15826027	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Clube Náutico Rianxo	G15289499	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Escudería Rally actividad Competición	G15978273	Actividade xeral	1	1.000,00
341	48990	Club Xadrez Rianxo	G70141536	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Club Baloncesto Rianxo	G70472527	Actividade xeral	1	1.250,00
341	48990	Club de Tenis Rianxo	G70172234	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Artes Marciais Mixtas Rianxo		Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Barbanza Rugby Club	G15723521	Actividade xeral	1	1.000,00
341	48990	Callejeros Barbanza, Asociación Benéfico-Social	G70491642	Actividade xeral 2018. O importe máximo virá dada pola recadación das inscricións e dorsais solidarios da III Carreira-Andaina Benéfica do Castelo da Lúa (2018)	1	1.666,00
<b>Total</b>						<b>52.076,00</b>

O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.

En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán

realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.

Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.

---

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobación definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

## CUARTO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do expediente e ao Departamento de Servizos Sociais, para o seu coñecemento.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## PARTE DE CONTROL

Antes de comezar a fase de control, o voceiro do grupo municipal REC, manifesta que foi presentada unha Proposta para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria e previo ditame de Comisión Informativa, e que non se lle incluíu. A secretaria pide a palabra para aclarar que tal e como se informara ao citado voceiro, cando se formou a orde do día se entendeu que se trataba dun rogo. O señor Alcalde di que a citada petición se debe formular como rogo na correspondente quenda de rogos e preguntas ou ben presentalo como moción para levar no correspondente pleno. O voceiro de REC manifesta a súa

disconformidade e os dous concelleiros de REC abandonan ás 20:44 horas a sesión plenaria.

Acto seguido se continúa coa orde do día prevista na convocatoria.

## **1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2020 ata o 30/09/2020, que comprenden os números 527/2020 ao 601/2020, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 03/09/2020
- Acta nº 13 da Sesión ordinaria do día 17/09/2020

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## **2 DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 621/2020: MODIFICACIÓN ATRIBUCIÓNS XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A presidencia da conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía número 621/2020 de data 08/10/2020, que se transcribe a continuación:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

### **MODIFICACIÓN ATRIBUCIÓNS XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

*Por Resolución nº 641/2019, do 09 de xullo de 2019 determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local e publicouse no BOP nº 136 de 19 de xullo de 2019. Transcorrido tempo advírtese que non é operativo delegar nese órgano determinadas atribucións ao ser recorrente a inmediatez do acto (como acontece respecto dos actos de en materia de persoal: o inicio do expediente de selección de persoal laboral temporal e aprobación das bases das probas para selección de persoal e a súa convocatoria; ...) e por outra parte prodúcense unha serie de contradicións que dificultan o exercicio das competencias derivadas fundamentalmente da delegación parcial de determinadas competencias na Xunta ( como a de autorización de sinatura de convenios de competencia de Alcaldía, non estando delegada non obstante a propia aprobación do convenio respecto ao cal se delega a sinatura), e do feito de que noutros casos a competencia para a contratación conforme á LCSP non está delegada na Xunta de Goberno Local, e sen embargo sí se prevía a delegación para a execución de determinadas obras ou reposición de servizos ( apartado A.7)*

*Dito isto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se*

*aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o RD. 2568/1986 xa mencionado*

RESOLVO:

**PRIMEIRO**

*Modificar o apartado 3ª da resolución nº 641/2019 relativo ás as atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local de xeito que queda redactada na súa integridade nos termos que se indican deseguido:*

*Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións delegables desta Alcaldía:*

**A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENZAS:**

*A.1.- A resolución sobor da aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

*A. 2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias previstas no artigo 142 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, incluíndo os acordos relativos a petición de prórrogas respecto ás mesmas ( non inclúe os expedientes de reposición da legalidade, os sancionadores e caducidade destes/as).*

*Asemade darase conta das comunicacións previas verificadas en materia urbanística.*

*A. 3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non están atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.*

*A.4. Darase conta das comunicacións previas e de declaracións responsables verificadas en materia de apertura de establecementos e exercicio de actividades.*

*A. 5- Darase conta das comunicacións previas relativas a transmisión dos títulos habilitantes urbanísticos así como para a o exercicio de actividades , aos efectos da súa toma de razón.*

**B) EN MATERIA ECONOMICO FINANCEIRA:**

*B.1.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas. Exceptúanse as axudas de emerxencia social.*

*B.2.- Constitución de anticipos de caixa fixa. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas; aprobación da reposición de fondos ou cancelación do anticipo.*

*B.3.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.*

*CB.4.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.*

*B.5.- Aprobación de liquidacións provisionais e definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.*

*B.6- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).*

*B.7.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias*

*B.8.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.*

*C) EN MATERIA DE PERSOAL:*

*C.1.- Concesión de anticipos ao persoal.*

*C.2.- Aprobar o recoñecemento do primeiro trienio ao persoal municipal, así como o recoñecemento de servizos previos, no seu caso.*

*C.3.- Aprobación de gratificacións por traballos realizados fora da xornada laboral do persoal funcionario e horas extraordinarias do persoal laboral, previamente autorizadas polo responsable do servizo co visto bo do concelleiro da área. Outorgamento de complementos de produtividade previa xustificación polo concelleiro da área.*

*C.2.- Aprobación das bases e convocatoria dos procedementos de selección de personal funcionario e laboral fixo.*

*D) NOUTRAS MATERIAS:*

*D. 1.- Dación de conta da recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello e sentenzas ditadas.*

*A delegación anterior suxeitarase ao seguinte réxime xurídico:*

**6. Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante - ex artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público - correspondendo a éste, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.**

*7. Os acordos ditados pola Xunta de Goberno en delegación adoptaranse conforme ás súas regras de funcionamento.*

*8. O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*9. O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.*

*10. A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.*

*11. A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*12. O órgano delegado non poderá delegar nun terceiro as atribucións conferidas por delegación.*

## **SEGUNDO**

*A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local para*

os efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

### **TERCEIRO**

*Da presente resolución darase conta ao Pleno na próxima sesión que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### **3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017, COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUBMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a Instar ao goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, como consecuencia da implantación do subministro inmediato de información (SII), sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No **ano 2017** a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no **Suministro inmediato de información (SII)**, que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) conséntase que **este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2019**.

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: *"La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde.*

**En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos** (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desprazamento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización máis ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo

*una diminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios **significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones**".*

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Hacienda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Hacienda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña "xustificación real" ou que "ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA".

Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no concello presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDOS**

- 1 . Declarar o apoio deste concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que a Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia dá implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).
2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 107.363,85 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do suministro Inmediato de Información (SII).
3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 14 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 4 dos membros do grupo PP e 1 da concelleira do grupo Ciudadanos), cero votos en contra e unha abstención (de 1 membro do grupo BNG, dona Adelina Ces Quintáns) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

#### **4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a Reactivación da asistencia sanitaria, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultades tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

A situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, xs celadores ao límite, soportando unha presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.



As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para accederaos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito publicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade.

E preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías

### **Ínstamos á Xunta a:**

1. Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención primaria.
2. Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...
3. Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
4. Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5. Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

Coa conformidade do propoñente da moción durante o debate existe conformidade de todos os membros con dereito a voto para que se modifique no primeiro punto da citada moción antes de sometela á súa aprobación: *"1. Realizar tan pronto como sexa posible, se tomen as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención primaria."*

Se somete á votación a moción presentada coa emenda do primeiro punto, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda do punto sinalado no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Realizar tan pronto como sexa posible, se tomen as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención primaria.
2. Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicxs, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...
3. Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
4. Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
5. Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

## 5. MOCIÓN APOIO AO COLECTIVO EMIGRANTES RETORNADOS

O grupo municipal BNG en nome do propoñente, presenta a Moción.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a Apoio ao Colectivo Emigrantes Retornados, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

A Plataformas Comarcais de Emigrantes Retornados de Arousa Norte e de Muros-Noia, integradas na coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados E.mail: asociación.[marusia@gmail.com](mailto:marusia@gmail.com), dirixímonos os grupos políticos da Corporación do Concello de Rianxo para que, se teñen a ben, apoien a seguinte Moción de apoio a este colectivo

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os colectivos das/dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando contra o inxusto trato que o goberno central vén aplicando na tributación das pensións dos emigrantes que retornaron á súa Terra. Dende comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais co fin de reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas, que, despois de ter que emigrar na procura de traballo e de oportunidades que nos permitiran acadar para nós e para as nosas familias un mellor futuro, decidimos volver a Nosa Terra, reencontrarnos cos nosos e pasar aquí os últimos anos da nosa vida.

Mais, dende fai anos, as decisións do goberno central, para aumentar a súa recadación, pretenderon situarnos como defraudadores, esixindo requirimentos inxustos con carácter retroactivo, a partir do 2012, cando sempre nos dixeron que non estabamos obrigados, como estaba explicado nos convenios bilaterais da maior parte dos países europeos.

A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da lei 26120L4, pero aínda hoxe continúan existindo graves problemas de inxustiza fiscal derivados da aplicación da lei 35/2006 que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas, que é necesario modificar para acadar un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e, sobre todo, xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Sería moi necesario tamén que se poña punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco claro para o recoñecemento das pensións de invalidez, recoñecidas e pagadas polos países outorgantes e non recoñecidas aquí, só co fin de recadar a conta das desgrazas dos emigrantes; cando estamos pedindo que os nosos títulos e

certificados sexan recoñecidos noutros países, aquí non queren recoñecer os de outros, que son os pagadores.

En xaneiro de 2020, o noso colectivo contempla esperanzado o acordo impulsado polo BNG para votar a favor da investidura de Pedro Sánchez, onde se recolle literalmente *"Durante o 2020, serán adoptados as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas do estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Asemade, tratarase o prexuízo para as pensionistas, tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo poro toda os pensións, contemplando as exencións de presentar as declaración do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas"*

Neste ano 2020 desgraciadamente todas e todos sufrimos a pandemia do coronavirus, que se cebou especialmente cos máis maiores e paralizou as nosas vidas. Dende o colectivo de Emigrantes Retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e, por responsabilidade, non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide, nestes momentos, desenvolver o dereito a saír ás rúas reclamando os nosos dereitos. Isto non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen unha solución e agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos a este Concello para que se sume ás nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao Goberno Central e ao Congreso dos e das Deputados para pedir a pronta aplicación do acordo asinado en xaneiro.

Por todo isto, pedimos a esta Corporación o voto a favor do seguinte

ACORDO:

O pleno do Concello de Rianxo acorda expresar o seu apoio ás demandas dos Emigrantes Retornados, asumilas como propias e dirixirse ao Goberno Central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso doas e dos Deputados, para esixir atención ás necesidades deste colectivo e acelerar o cumprimento do compromiso de adoptar, durante o 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas do estranxeiro sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre as pensións internas e as do estranxeiro.

Asemade, tratarase o prexuízo para estes pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes.

Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar a declaración do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## 6. ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=2l5zjaxctjY>**